

CEMAC 2023

XIX CURSO DE MEDIOS
AUDIOVISUAIS DE CELANOVA

RODAMOS! O AUDIOVISUAL NO FÍO DO FUTURO

**DO 27 AO
30 DE XUÑO
DE 2023**

Transporte e albergue
GRATUÍTO

Prazas limitadas

Inscripcións en
campusactivo.uvigo.gal

Máis información en
[@curso_cemac](#) @
Curso de Medios Audiovisuais
de Celanova - CeMAC 

Directores do curso:
Miguel Anxo Fernández
e Paulino Pérez



Vicerreitoría
do Campus de Ourense
Universidade de Vigo




Facultade de Comunicación
Universidade de Vigo



esadg

XUNTA
DE GALICIA



Un curso de extensión universitaria con historia.

A Fundación Carlos Casares, coa Vicerreitoría do Campus de Ourense, o Concello de Celanova, a Deputación Provincial de Ourense, e co financiamento da Axencia Galega das Industrias Culturais, promove o XIX Curso de Verán de Extensión Universitaria (CeMAC 2023) *Rodamos! O audivosnal no fío do futuro*, unha nova achega na liña temática iniciada hai vinte anos co curso *Cine e literatura. Casares e o cine* (2004), e que veñen reunindo, no berce de Manuel Curros Enríquez, a cualificados especialistas e profesionais do sector para disertar ao redor das súas diferentes disciplinas.

Na oferta histórica do CeMAC, e xa consolidado como foro audiovisual de referencia en Galicia, pretendemos analizar a creación audiovisual en todas as súas variantes, soportes e formatos, substanciada nunha obra ou nun produto destinado a ser gozado e consumido polos receptores. Polo tanto, é obra colectiva, profesional, nun sector das industrias culturais e creativas con máis pulo de Galicia, e cunha suma de vontades ben coordinadas. Suma de vontades e suma de talentos.

O CeMAC 2023, desde a súa condición de curso universitario atento ao pulso conxuntural audiovisual do país en particular, e mesmo da sociedade en xeral con relación a cultura das imaxes e mesmo do seu consumo, afronta nesta edición un trazo singular que rematará por condicionar a evolución do sector galego. O CeMAC2023 tamén analizará outros formatos, así como o proceso de consolidación do ecosistema audiovisual, do seu equilibrio industrial e creativo, e os pasos que se están a tomar para a súa normalización no país á marxe de soportes e formatos. Participarán profesionais en diversos aspectos creativos (dirección, guión, produción, fotografía, música,...) e vinculados ás industrias culturais, co fin de analizar a situación do sector e as novas posibilidades transversais de actuación.

Igualmente desenvolverase, por undécimo ano consecutivo, o Taller Audiovisual “Celanova, plató de ficción”, dirixido por Paulino Pérez Feijoo. Esta experiencia, eminentemente práctica, está dirixida ao alumnado de Comunicación Audiovisual da Facultade de Comunicación e ten como obxectivo a produción dunha peza audiovisual nun tempo determinado e cun orzamento pechado.

PROGRAMA

Este programa pode sufrir cambios nos relatores, na orde das sesións e incluso nalgunha as pezas anunciadas debido a imponderables na axenda dos convidados, en todo caso sempre por motivos alleos á organización

Martes, 27 de xuño

16.00 h. Acreditación e recollida de documentación

16.15 h. Saúdo e presentación dos directores do curso. Inauguración oficial.

Paulino Pérez Feijoo. *Doutor en Comunicación Audiovisual e profesor de Comunicación Audiovisual. Universidade de Vigo*

Miguel Anxo Fernández. *Doutor en Comunicación Audiovisual, crítico de cinema e televisión e profesor asociado de Comunicación Audiovisual. Universidade de Vigo*

16.30 h. *Fatum* [Proxección audiovisual: **Fatum**. Ficción, España, 2023]

18.00 h. Descanso

18.30 h. Dirixir e guionizar *Fatum*. O xogo da ficción

Juan Galiñanes. *Director e guionista*

19.45 h. A postproducción de *Fatum*. Son

Diego Staub. *Sonidista*

21.00h. Fin da xornada

Mércores, 28 de xuño

09.30 h. A música en *Fatum*

Manuel Riveiro. *Músico*

10.45 h. Casting, vestiario e maquillaxe en *Fatum*

Conchi Iglesias. *Directora de casting*

Mara Collazo. *Maquillaxe e perruquería*

María Porto. *Vestiario*

12.00 h. Descanso

12.30 h. A postproducción de *Fatum*. Efectos visuais
Pablo Lamosa. *Supervisor de efectos visuais*

13.30 h. A produción de *Fatum*. Vaca Films
Miriam Devesa. *Xefa de produción*

14.30 h. Descanso para xantar

16.30 h. *Unicorn Wars* [Proxección audiovisual: **Unicorn Wars**. Ficción, España, 2022]

19.00 h. Dirixir unha longametraxe de animación. *Unicorn Wars*
Alberto Vázquez. *Director*

20:15 h. *A produción de animación. Unicorn Wars*
Chelo Loureiro. *Produtora*

21.30h. Fin da xornada

Xoves, 29 de xuño

09.30 h. *O home e o can*. [Proxección audiovisual: **O home e o can**. Ficción, España, 2022]
Ángel de la Cruz. *Director*

11.15 h. Descanso

11.45 h. A dirección e guión de *O home e o can*
Ángel de la Cruz. *Director e guionista*

13.15 h. Procurando a estética específica. Fotografía e traballo actoral en *O home e o can*
Pablo Fontenla. *Fotografía*
Paula Chaves. *Actriz*

14.30 h. Descanso para xantar

16.30 h. **Masterclass.** Dirección dun filme. *Honeymoon*
Enrique Otero. *Director*

18.30 h. Descanso

19.00 h. A coordinación e organización dun filme: *Honeymoon*
Lorena Ares. *Axudante de dirección*

20.15 h. Producir unha road-movie: *Honeymoon*
Xacobe Sineiro. *Produtor*

21.30 h. Fin da xornada

22.30h. **Evento cultural en Celanova.**

Venres, 30 de xuño

10.00 h. *María Casares. A muller que viviu mil vidas.* [Proxección audiovisual: **María Casares.**
A muller que viviu mil vidas. Documental, España, 2023]
Xavier Villaverde. *Director*

11.45 h. Descanso

12.15 h. **Masterclass.** Construción dun documental profesional.
Xavier Villaverde. *Director*

13:30 h. Taller: “Celanova: plató de ficción”. *Crónica dun recordo.*
Zahira Tejelo. *Director*

14.15 h. Acto oficial de clausura e entrega de diplomas. Despedida e sesión de *fotocall*

15.00 h. Fin do Curso.

Matrícula do curso

Online no sitio web: <https://campusactivo.uvigo.gal/>

Prazo de inscrición

Dende o 11 de maio ata o 26 de xuño

Duración

30 horas

Validación

2 créditos de libre configuración ou 1 crédito ECTS

Número de prazas

30

Cota de inscrición

Persoas que pertencen á comunidade universitaria da UVigo: 19,50 €
Amigos da Fundación Carlos Casares e cidadáns censados no Concello de Celanova: 24 €
Resto de solicitantes: 30 €

Desprazamento gratuíto

Ponse a disposición das persoas interesadas un transporte que percorrerá os campus de Vigo, Pontevedra e Ourense, con parada final en Celanova o día 27 de xuño, e un transporte similar de regreso o día 30 de xuño.

Aloxamento gratuíto (prazas limitadas)

O Concello de Celanova ofrece aloxamento gratuíto aos matriculados no Albergue Municipal. No momento da primeira ocupación do cuarto deberase acreditar documentalmente a matrícula no curso.

Reservas de transporte (indicando cidade de recollida) e aloxamento no mail:
fundacioncarloscasares@gmail.com

